

# Visita ao Parque Natural Enciña da Lastra

25 e 26 de xaneiro

## PROGRAMA

### Sábado 25

9h. **Saída.** O punto de encontro será O Porriño.

12h **Ruta da foresta "Os bosques de Pena Falcoeira"**

Ruta circular. 4,5 km

Dificultade. Baixa

Altitude. 600m-800m

Unha ruta exquisita..

De interese paisaxístico, botánico e ecolóxico, salientan nela os bosques de aciñeiras ben estruturados, os soutos cultivados, a interpretación e o impacto visual dos ríos Sil e Galir, e o tránsito harmonioso baixo as paredes de Pena Falcoeira.

Un petisquiño...

16h **Visita aos Penedos de Oulego**

Paseíño de 1,5km baixo unha das formacións rochosas máis senlleiras de Galiza. Así, pasearemos baixo farallóns calcarios e dolomías cuxa formación data do Silúrico, na era Paleozoica...

19h **Hospedaxe e descanso.**

21h **Cea**

### Domingo 26

11h **Ruta "Os desfiladeiros calcarios do Sil"**

Ruta circular. 12Km

Dificultade. baixa

Altitude. 400m-700m

Polo sendeiro, o elevado impacto xeolóxico, botánico e paisaxístico é unha constante. O bosque de aciñeiras, e a presenza de érbedos e sobreiras, dan paso á matogueira mediterránea de estevas e arzaías, tomiño e carpazas, ás palas e ás covas; e desde alí, a contemplación dos desfiladeiros calcarios onde destaca a fermosa Penarrubia.

Para non perdermos...

17h **Remate**